



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA NO ANO 2020

A Consellería de Cultura e Turismo, dentro do ámbito competencial que a Xunta de Galicia ten atribuído en materia de fomento da cultura, vén realizando dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción do libro e a lectura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Federación de Libreiros de Galicia, desenvolve un destacable labor no campo da promoción e difusión da cultura, como é a promoción do libro e da lectura galega, e para seguir nesta vía, precisa de colaboracións institucionais ao non contar cos medios suficientes que garantan a consecución dos fins.

A actividade profesional relacionada coas librarías ten unha transcendencia moi especial para a cultura galega: por unha banda, fornece un espazo para a produción propia do país, dentro dun mundo no que o libro masificado e as grandes correntes económicas que rexen a orientación lectora no ámbito internacional tenden a eliminar as diferenzas e trazos específicos das distintas comunidades; pola outra, permite o acceso á lectura dun xeito inmediato en núcleos de poboación reducidos, barrios, etc.

A demografía dispersa de Galicia recibe, a través desta actividade, un impulso cultural imprescindible, que se traduce na expresión da identidade propia do país e na súa conservación, dentro dun sentimento colectivo, en toda a xeografía. A escrita galega e a súa produción editorial contan cun soporte imprescindible para manterse en contacto co público, á vez que as obras de relevo no mundo actual satisfán tamén o interese lector, nunha simbiose necesaria para a integración como colectividade que mantén os seus trazos definitorios substanciais.

A Federación de Libreiros de Galicia, como aglutinadora da gran maioría dos establecementos libbreiros da comunidade, e a Consellería de Cultura e Turismo, no marco das feiras do libro, definirán as estratexias que favorezan a promoción da lectura e da industria arredor do libro; as feiras constitúen importantes vías de achegamento cultural aos galegos e un escaparate para dar a coñecer as novidades editoriais nos seus diferentes soportes.

As feiras teñen como obxectivos primordiais o achegamento do libro aos seus potenciais lectores, mediante a súa exhibición, difusión e comercialización, fundamentalmente dos títulos publicados nos últimos anos, así como a promoción da lectura entre a sociedade galega.

Coa finalidade de valorar o grao de alcance dos obxectivos perseguidos coa sinatura do convenio, detállanse os datos relativos aos seguintes indicadores:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



-Número de casetas participantes (librarías, editoriais e outras entidades):

- Ano 2017: 211
- Ano 2018: 167
- Ano 2019: 195

-Asistencia de público (público xeral que visitou as feiras e/ou asistiu ás actividades):

- Ano 2017: 435.000 persoas
- Ano 2018: 441.000 persoas
- Ano 2019: 440.000 persoas

-Número de actividades (de carácter literario, infantil e outras):

- Ano 2017:
 - Presentación de libros: 172
 - Actividades infantís (fomento lectura, visitas guiadas e outras): 121
 - Outras actividades (eventos de carácter artístico e social): 104
- Ano 2018:
 - Presentación de libros: 156
 - Actividades infantís (fomento lectura, visitas guiadas e outras): 95
 - Outras actividades (eventos de carácter artístico e social): 122
- Ano 2019:
 - Presentación de libros: 181
 - Actividades infantís (fomento lectura, visitas guiadas e outras): 114
 - Outras actividades (eventos de carácter artístico e social): 82

A Federación de Libreiros de Galicia en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo ten previsto organizar neste ano 2020, un programa de dinamización cultural das feiras do libro de Galicia, que se desenvolverá nas seguintes localidades: Santiago de Compostela, Vigo, Ponteareas, Redondela, Rianxo, A Coruña, Foz, Monforte de Lemos e Ourense.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



LOCALIDADE	DATAS	LUGAR
Santiago de Compostela	Do 13 ao 21 de xuño	Paseo Central da Alameda
Vigo	Do 25 de xuño ao 4 de xullo	Rúa do Príncipe
Ponteareas	Do 9 ao 12 de xullo	Praza Maior
Redondela	Do 16 ao 19 de xullo	Alameda
Rianxo	Do 23 ao 26 de xullo	Praza Castelao
A Coruña	Do 1 ao 10 de agosto	Xardíns de Méndez Núñez
Foz	Do 20 ao 23 de agosto	Praza de Conde Fontao
Monforte de Lemos	Do 26 ao 29 de agosto	Rúa do Cardeal
Ourense	Do 9 ao 12 de outubro	Rúa do Paseo

A Consellería de Cultura e Turismo comprométese a entregarlle á Federación de Libreiros de Galicia a cantidade de cento vinte mil euros (120.000€), como contribución para as actividades de dinamización cultural das feiras do libro de Galicia en 2020, que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia do presente convenio e no marco dos campos da creación, e promoción da lectura e do libro. Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 11.20.432B.781.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

A achega non ten incidencia na competencia entre empresas. O outorgamento da axuda non supón o falseamento efectivo ou potencial da competencia, nin favorece a determinadas empresas ou producións nin permite situarse nunha situación vantaxosa respecto aos seus competidores. As feiras do libro constitúen fundamentalmente unha actividade de difusión cultural mediante a cal os sectores libreiro e editorial galegos achegan á cidadanía os recursos bibliográficos e a produción editorial galega.

O ciclo de feiras do libro de Galicia e as actividades culturais que conforman a súa programación teñen lugar exclusivamente no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, concretamente nas principais cidades e naqueles concellos cun maior dinamismo cultural.

A achega, destinada á celebración das feiras do libro de Galicia, é imprescindible para a organización do circuío, xa que o sector do libro galego, formado por pequenas librarías e editoriais, non ten capacidade económica para desenvolverlas.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Dirección Xeral de Políticas Culturais

Cidade da Cultura
Monte Gaias s/n
15707 Santiago de
Compostela



Non existe beneficio económico para a entidade que recibe a achega. A Federación de Libreiros de Galicia non ten ningún beneficio económico directo xa que os fondos públicos que se adican ás feiras non son suficientes para sufragar a totalidade do seu custo, e a federación debe complementalo cunha achega dos seus propios fondos, nunca inferior ao 20%

A achega non favorece nin confire unha vantaxe selectiva a determinadas empresas que conforman un sector de actividade económica, xa que vai destinada a un subsector da economía de Galicia (libreiro e editorial galegos) no que todas as empresas que o integran poden estar presentes nas distintas feiras que conforman o circuío.

Co obxectivo de converter as feiras do libro en puntos de encontro culturais, de difusión do libro e da lectura, acadando, deste xeito, a valoración social do noso patrimonio cultural inmaterial como marca de calidade, e a difusión e posta en valor da lingua galega, de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Políticas Culturais para o ano 2020, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o interese social das mesmas, non é posible promover a concorrência pública deste proxecto, dadas as especiais características da entidade coa que se convenia, sendo a Federación de Libreiros de Galicia a única que pode desenvolver na nosa comunidade autónoma ditas actividades.

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo Manuel Lorenzo Suárez



Xacobeo 2021

